



O CONCELLO DE NIGRÁN INICIA A COLOCACIÓN DE TRAMPAS PARA CONTROLAR A PROLIFERACIÓN DE COLMEAS DE AVESPA ASIÁTICA

Situaranse 50 sistemas en puntos estratéxicos do municipio nos que o ano pasado se interceptaron máis niños deste insecto

A localidade ten previsto, ademais, adherirse ao Plan de vixilancia e control da Xunta para recibir os avisos de detección de cortizos na zona

Nigrán, 22/03/16.- O Concello de Nigrán comezou esta semana a colocar trampas en todo o municipio para frear a reprodución da *vespa velutina* ou avespa asiática. De momento, xa se situaron vinte "cebos" e en total disporanse 50, repartidos por nove puntos estratéxicos da localidade nos que o ano pasado se detectaron máis niños deste insecto. En concreto, durante o verán de 2015 (época na que nacen as avespas obreiras) retiráronse máis de 110 cortizos, sendo as zonas máis afectadas por esta praga A Ramallosa e os terreos do Polígono Terciario de Porto do Molle, onde se detectaron 20 e 25 niños respectivamente.

"Con esta medida queremos adiantarnos á proliferación destes predadores, xa que agora é cando as raíñas se activan, e en abril e maio empezan a construír a colmea para poñer ovos", explica o alcalde de Nigrán, Juan González. Segundo os expertos, asegurar a eliminación da raíña é o método máis eficaz para o control desta especie, xa que evita a produción de novas raíñas e a formación de niños, que poden albergar ata 2.000 unidades.

Esta actuación súmase á previsión do Concello de adherirse ao Plan de vixilancia e control da Xunta de Galicia, que busca reducir o impacto da *vespa velutina* en diferentes ámbitos, como as producións apícolas. A través deste programa infórmase aos municipios sobre a localización dos niños deste insecto no seu territorio e permítese o acceso a unha aplicación informática



para a xestión de ditos avisos e a actualización dos datos por parte de cada localidade, co obxectivo de traballar de forma coordinada para controlar esta praga.

"Animamos aos veciños a que nos informen se detectan a presenza de raíñas na súa zona para poder eliminalas. Desta forma, non só contribuiremos a que as producións apícolas e froitícolas non se vexan afectadas pola vespa asiática, senón que reduciremos a ameaza que supoñen para a biodiversidade autóctona ao alimentarse das abellas, que son fundamentais para os ecosistemas", alenta o rexedor.